



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (CULTURA)

Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 28 de abril de 2023, acordou a aprobación das bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2023, o gasto e os modelos de solicitude e de conta xustificativa.

SUBVENCIÓN DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2023.

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>.

Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo- enténdase con sede ou delegación social na provincia-, adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia, que os beneficiarios formen parte o conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

Segundo.- Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas de carácter cultural -con sede e/ou delegación social na provincia de Lugo- para a realización de actividades culturais na anualidade de 2023, sendo o seu obxectivo a promoción e maila dinamización cultural (promoción da historia, da música, das tradicións de Galiza e o uso do idioma galego).

➤ Non se subvencionarán:

- Aqueles proxectos que se leven a cabo fóra do ámbito territorial da provincia Lugo nos que os beneficiarios non formen parte do conxunto demográfico lucense, (aínda que estean integrados nunha programación global e organizados por unha asociación que teña a súa sede social na provincia de Lugo).
- Aqueles proxectos de carácter deportivo, relixioso, político, militar e- en xeral que sexan corporativas restrictivas, dado que o seu fin non é a promoción dos recursos e manifestacións culturais para a poboación en xeral, senón exclusivamente entre o colectivo dos seus asociados/as e das súas familias (dado que non se trata de asociacións ou colectivos abertos á poboación xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vencelladas a un colectivo concreto).
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as axudas e os gastos para a promoción, fomento e difusión da artesanía, segundo as consideracións "para actividades artesanais" recollidas na Orde do 12 de abril de 2017 pola que se revisa a relación de actividades artesanais recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 79, de 25 de abril de 2017). En consecuencia, non se subvencionarán as accións e actividades artesanais recollidas na referida Orde, de acordo coas divisións e denominacións reflectidas na citada orde.

■ Quedan excluídas desta convocatoria os gastos de:

- Aloxamento, hostalería, comidas e restauración.

- Os gastos para as viaxes culturais que non leven incorporada unha actividade cultural complementaria, acreditándoa a través de documento acreditativo de realización da visita cultural, expedido por persoal competente (guía oficial de turismo, xerente ou persoal responsable dun museo, conxunto patrimonial, mosteiro, igrexa...). No caso de que este documento acreditativo da visita cultural, non este asinado polo persoal indicado carecerá de valor probatorio para a xustificación da actividade.
- Quedan excluídas desta convocatoria os gastos para o desenvolvemento de festas patronais, romarías e eventos relixiosos en xeral
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos de inversión ou por compra de material inventariable.
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos correntes para actividades de terapia ocupacional, familiar e de benestar social (técnicas relaxación, obradoiros de prantas medicinais, elaboracións de xabóns, cremas e outros similares, etc...).
- Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os gastos correntes para a actividade extraescolar de inglés.
- Quedan expresamente excluídos desta convocatoria os gastos correntes para a celebración de festas de fin de curso (xogos hinchables, xogos deportivos, monitores deportivos, globoflexia, a compra e colocación de globos e demais ornamentos festivos, pulseras identificativas, etc...).

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

Convocatoria de subvenciones en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2023, en:

<http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo

- Contía: 255.000,00 €.
- Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Actividades culturais	500 €	3.000 €

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles**, a contar a partir do día seguinte da publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 3 de maio de 2023.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1355

Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 28 de abril de 2023, acordou a aprobación das bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo na anualidade 2023, o gasto e os modelos de solicitude e de conta xustificativa.

SUBVENCIÓNS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2023.

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades culturais ou asociacións (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) legalmente constituídas da provincia de Lugo (enténdase con sede ou delegación social na provincia), adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da provincia, que os beneficiarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

Segundo.- Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas aos investimentos para a mellora, o acondicionamento e a reforma de instalacións de carácter cultural da súa titularidade, alugadas ou cedidas legalmente para o uso cultural por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo que, executados durante o ano 2023, afecten directamente ao desenvolvemento da promoción cultural provincial destes colectivos culturais.

Para estes efectos considéranse subvencionables aqueles investimentos realizados que garden relación directa cos espazos dedicados á promoción cultural e ás edificacións auxiliares (en propiedade, alugadas ou cedidas legalmente) que puidesen estar vinculadas con aqueles e, con especial incidencia, sobre as accións que tendan a mellorar a calidade de todas as accións e manifestacións culturais.

Tamén son obxecto de subvención a adquisición de todo tipo de equipamento de carácter cultural inventariable por parte das asociacións culturais sen ánimo de lucro da provincia de Lugo para dotar ás súas instalacións culturais (en propiedade, alugadas o cedidas legalmente) co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados (técnicos e artísticos).

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

Convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, anualidade 2023, en: <http://cultura.deputacionlugo.gal/programasesubvencions>

Cuarto.- Contía e importe mínimo e máximo

- Contía: 125.000,00 €.
- Importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

FINALIDADE	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Investimentos en instalacións de carácter cultural: reformas, ampliación e/ou mellora de inmobles da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente á entidade cultural solicitante.	500 €	3.000 €
Investimentos para a adquisición de equipamentos: Equipamentos, moblaxe e materiais de uso técnico (equipos para procesos da información) e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade, e sempre que se trate de investimentos para dotar ás súas instalacións culturais (da súa titularidade, alugados ou cedidos legalmente), co obxecto de que poidan desenvolver as súas actividades culturais nas mellores condicións e cos medios materiais adecuados.	500 €	2.000 €

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no B.O.P da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 3 de maio de 2023.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1356

ÁREA DO MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 5 DE MAIO DE 2023, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIACOMPETITIVA, PARA APOIAR O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO, QUE CONTRIBÚAN Á REDUCIÓN DOS NIVEIS DE BIOMASA EXISTENTE, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, ANUALIDADE 2023

BDNS

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, no enderezo electrónico: <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Primeiro.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, no marco do Programa “O que non arde”, de fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo, para o que se incentivará a adquisición de elementos capaces de limitar os danos que poida ocasionar a fauna salvaxe ao gando, ao obxecto de contribuír a previr e minorar as consecuencias e os impactos negativos das ameazas existentes para a capacidade potencial de desenvolvemento e produción dos montes.

Segundo.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras que estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) e que leven a cabo actividades silvopastorís con gandería extensiva, contribuíndo deste xeito á defensa do medio rural.

As beneficiarias deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a entidade que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Asemade, os beneficiarios quedarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención da Deputación de Lugo, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das subvencións.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade, no enderezo electrónico: <https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>

Convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo, que contribúan á redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, anualidade 2023; enderezo electrónico: <https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorren>

Cuarto.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a estas actuacións, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2023, é de 60.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789.

O importe das axudas para cada actuación será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7, segundo o previsto na Base 2, establecéndose unha contía mínima de 300 € e a contía máxima de 2.500 €.

As contías das axudas fan referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación a subvencionar, xa que, polo menos, o 5% das actuacións subvencionadas deberán ser financiadas pola propia persoa ou entidade beneficiaria.

No caso de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de axudas, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2023, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Quinto.- Prazo para a presentación de solicitudes

Os interesados en solicitar estas axudas disporán dun prazo de presentación de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da data da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Este Acordo pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo cabe interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, ou recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado desta Orde Xurisdiccional de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que consideren procedente.

Lugo, 5 de maio de 2023.- O Presidente, P.D. Decreto do 24/07/2019, a deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, Mónica Freire Rancaño.

R. 1357

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía núm.297/2023, de data 28 de abril de 2023, aprobouse a Resolución cuxa parte dispositiva transcríbese literalmente:

« Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Un ingreso hospitalario me impide a asistencia ao Pleno extraordinario convocado para o día 02 de maio de 2023, sen que se poida determinar a duración da circunstancia que limita o exercicio pleno das atribucións da Alcaldía, aínda que previsiblemente finalizará ao principio da tarde desa xornada .

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar na Primeira Teniente de Alcalde, Dona Ana Aránzazu Incera Ares, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante o período de ingreso hospitalario.

SEGUNDO. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. O órgano delegado debe informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

CUARTO. A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO. A presente resolución será publicada en o Boletín Oficial da Provincia, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

SEXTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaránse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no termo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación. No entanto, poderá interpor calquera outro, se o considera conveniente.”

O que remito publícase, aos efectos oportunos, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Alfoz, a 02 de maio de 2023.- A Primeira Teniente de Alcalde e Alcaldesa en substitución, Ana Aránzazu Incera Ares.

R. 1358

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a Conta Xeral correspondiente ao exercicio 2022, por un prazo de quince días, durante os cales quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convintes.

Alfoz, a 03 de maio de 2023.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1359

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 3/2023.

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 02 de maio de 2023 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito num. 3/2023, na modalidade de crédito extraordinario.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, a 3 de maio de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1360

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 5/2023.

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 02 de maio de 2023 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito num. 5/2023, na modalidade de crédito extraordinario.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, a 3 de maio de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1361

CERVO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de 2 de maio de 2022, os expedientes de modificación de crédito núm. 4/2023 por suplemento de crédito núm. 1/2023, e modificación de crédito núm. 5/2023 por crédito extraordinario núm. 1/2023 dentro do vixente Orzamento Municipal para 2023, que é o prorrogado de 2022, en cumprimento do disposto nos artigos 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expone ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Alcalde - Presidente desta Corporación.

Cervo, 3 de maio de 2023.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 1362

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 28 de abril de 2023, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 3/2023, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de CENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000,00 €), segundo de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expone ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 2 de maio de 2023.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1363

FOZ

Anuncio

MODIFICACIÓN PUNTUAL RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO CONCELLO DE FOZ

Concluída a aprobación inicial da modificación da Relación de Postos de Traballo do concello de Foz, polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 28 de abril de 2023 e de conformidade co establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, por medio do presente anuncio, procédese a someter a información pública a dita modificación por un prazo de vinte (20) días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxerencias ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxerencias ou alegacións presentadas:

Cód.	Denominación do posto	Dot	FP	Dotación Económica	Tipo de Contrato	Titulación académica	Formación específica	Observacións
4026B	Maquinista-Conductor/a	1	C	24.477,38 €	Fixo discontinuo	Sen requerimentos formativos	-	-
4049B	Operario Servizo lixo	2	C	24.253,82 €	Fixo discontinuo	Sen requerimentos formativos	-	-

4059B	Operario Limpeza viaria	7	C	20.910,53 €	Fixo discontinuo	Sen requerimentos formativos	-	75% da xornada
4078B	Oficial de xardinería	1	C	23.548,99 €	Fixo discontinuo	Sen requerimentos formativos	-	-
6006	Auxiliar Oficina de Turismo	2	C	24.268,48 €	Fixo discontinuo	Graduado en ESO	-	-
7100	Encargado/a socorrismo	1	C	21.256,54 €	Fixo discontinuo	Sen requerimentos formativos	Decreto 152/2021, de 21 de outubro ou norma que a substitúa	Posto regulado polo Decreto 152/2021, de 21 de outubro
7108	Socorrista	6	C	17.642,48 €	Fixo discontinuo	Sen requerimentos formativos	Decreto 152/2021, de 21 de outubro ou norma que a substitúa	Posto regulado polo Decreto 152/2021, de 21 de outubro
7106	Auxiliar de información e Primeiros Auxilios en praias	8	C	15.177,84 €	Fixo discontinuo	Graduado en ESO	Decreto 152/2021, de 21 de outubro ou norma que a substitúa	Posto regulado polo Decreto 152/2021, de 21 de outubro

Foz, 2 de maio de 2023.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1364

Anuncio

MODIFICACIÓN PLANTILLA DO CONCELLO DE FOZ

Concluída a aprobación inicial da modificación da plantilla do concello de Foz, polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 28 de abril de 2023 e de conformidade co establecido no TRLRFL, por medio do presente anuncio, procédese a someter a información pública a dita modificación por un prazo de quince (15) días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxerencias ou alegacións. En caso contrario, a modificación da plantilla deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxerencias ou alegacións presentadas.

PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE FOZ 2023 (COAS MODIFICACIÓNS PARA ADAPTACIÓN ÁS MODIFICACIÓNS DA RPT)

• PRAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL			
1.1.- SECRETARIO	1	---	A1
1.2. - INTERVENTOR	1	1	A1
1.2.- TESORERO	1	1	A1

2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL			
2.2- SUBESCALA DE XESTIÓN			
2.2.1.- ADL TECNICO DE XESTIÓN	1	1	A2
2.3.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA			
2.3.1.- ADMINISTRATIVO	1	---	C1
2.4.- SUBESCALA AUXILIARES			
2.4.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	3	2	C2
2.5. - SUBESCALA SUBALTERNA.			
2.5.1.- BEDEL COLEXIO	1	1	GAP
2.5.2.- AXENTE NOTIFICADOR	1	---	GAP
3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
3.1.- SUBESCALA TÉCNICA			
3.1.1.- ARQUITECTO	1	---	A1
3.1.2.- APARELLADOR	1	---	A2
3.1.3.-TECNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	1	A2
3.2.- SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS			
3.2.1.- POLICÍA LOCAL			
3.2.1.1.- OFICIAL	1	---	C1
3.2.1.2.- POLICÍAS	8	1	C1
3.3.2.- PERSOAL DE OFICIOS			
3.3.2.1.- COORDINADOR (CAPATAZ)	1	---	C1
TOTAL	24	8	---

• PRAZAS SUXEITAS Á LEGISLACIÓN LABORAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES
1. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA		
TÉCNICO ARCHIVEIRO	1	1
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---
ORIENTADOR LABORAL	1	1
AUXILIAR DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	---

2. DEPARTAMENTO ÁREA ECONÓMICA		
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	1
3. DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS		
UNIDADE DE OBRAS		
COORDINADOR SERVIZOS MÚLTIPLES	1	1
MAQUINISTA CONDUCTOR	3	---
MAQUINISTA CONDUCTOR (fixo-discontinuo sete (7) meses ao ano 15 marzo-15 setembro)	1	1
OFICIAL	5	5
OFICIAL MECÁNICO	1	1
UNIDADE DE XARDINERÍA		
COORDINADOR DE XARDINERÍA	1	---
OFICIAL	2	---
OFICIAL (fixo-discontinuo sete (7) meses ao ano 15 marzo-15 setembro)	1	1
UNIDADE DE LIMPEZA DE EDIFICIOS		
COORDINADOR DE LIMPEZA	1	1
LIMPIADOR	4	4
UNIDADE DE LIMPEZA VIARIA		
OFICIAL	2	---
OPERARIO	6	5
OPERARIO (fixo-discontinuo dos meses y medio ao ano 1 xullo-15 setembro)	7	7
UNIDADE DE RECOLLIDA DE LIXO		
COORDINADOR DE LIXO CONDUCTOR	1	1
CONDUCTOR DE LIXO	3	---
OFICIAL	1	1
OPERARIO SERVICIO LIXO	4	3
OPERARIO SERVICIO LIXO (fixo-discontinuo dos meses y medio ao ano 1 xullo-15 setembro)	2	2
OPERARIO SERVIZO LIXO PUNTO LIMPO	1	1
OPERARIO DE LIMPEZA	1	1

UNIDADE DE BEDELES		
BEDEL COLEXIO	2	---
4. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS		
CORDINADOR SERVIZOS SOCIAIS	1	---
EDUCADOR FAMILIAR	1	---
AUXILIAR DE SERVIZOS MULTIPLES	1	---
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	2	1
5. DEPARTAMENTO DE CULTURA, DEPORTE, TURISMO E DESENVOLVEMENTO LOCAL		
UNIDADE DE CULTURA		
TÉCNICO DE CULTURA	1	---
AUXILIAR DE CULTURA	1	---
TÉCNICO DE TURISMO	1	---
BIBLIOTECARIO MUNICIPAL	1	---
BEDEL CONSERXE	1	--
DIRECTOR ESCOLA DE MUSICA	1	1
PROFESORES ESCOLA DE MÚSICA (P)	6	6
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	1
AUXILIAR OFICINA DE TURISMO (fixo-discontinuo tres (3) meses ao ano 15 xuño-15 setembro)	2	2
ENCARGADO DE RADIO FOZ	1	---
LOCUTOR DE RADIO FOZ	2	---
UNIDADE DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL		
EDUCADOR SOCIAL	1	---
AUXILIAR DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	1	1
UNIDADE DE EDUCACIÓN.		
AUXILIAR UNED	1	1
UNIDADE DE SEGURIDADE CIDADÁ		
ENCARGADO SOCORRISMO (fixo-discontinuo tres (3) meses ao ano 15 xuño-15 setembro)	1	1
SOCORRISTAS (fixo-discontinuo dos meses y medio ao ano 1 xullo-15 setembro)	6	6

AUXILIAR DE INFORMACIÓN E PRIMEIROS AUXILIOS EN PRAIAS (fixo-discontinuo dos meses y medio ao ano 1 xullo-15 setembro)	8	8
TOTAL	96	66

Foz, 2 de maio de 2023.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1365

LUGO
Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: Bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2023-2024

Vista a proposta do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, de data 2 de maio de 2023, onde se recollen as Bases que rexerán o proceso de matriculación na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2023/24, segundo a realizada pola Xunta Directiva da Escola Municipal de Música.

En uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 19005684 de 01/07/2019 na súas actuais redaccións.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2023-2024 que seguidamente se transcriben:

"Bases que rexerán o proceso de matriculación na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2023/24

Dende a Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo propóñense as seguintes bases de matrícula para o curso 2023-2024.

1. Obxecto da convocatoria:

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de admisión do alumnado na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo en convocatoria ordinaria para o curso 2023/24, estando adaptadas á situación actual e ás medidas adoptadas polas administracións competentes; non obstante, revisarase a normativa vixente e adaptaranse, se é preciso, ás novas realidades que poideran xurdir.

2. Materias ofertadas:

A Escola ofertará anualmente un número de prazas por materia e especialidade instrumental adaptado ás circunstancias organizativas e doutra índole que concorran no inicio do curso escolar, así como á carga lectiva que poida establecerse.

As materias e especialidades instrumentais configúranse nos seguintes bloques:

2.1 BLOQUE A (clases de media hora individual ou de unha hora compartida por dous alumnos) e **BLOQUE B** (clases individuais de unha hora):

- Bombardino/Tuba.
- Clarinete.
- Fagote.
- Gaita.
- Percusión.
- Piano.

- Saxofón.
- Trombón.
- Trompa.
- Trompeta.

2.2 BLOQUE C:

- Música e Movemento:
 - Música e Movemento 1.
 - Música e Movemento 2.
- Formación Básica:
 - Formación Básica 1.
 - Formación Básica 2.
- Linguaxe Musical:
 - Linguaxe Musical 1.
 - Linguaxe Musical 2.
 - Linguaxe Musical 3.
 - Linguaxe Musical 4.
 - Linguaxe Musical 5.
 - Linguaxe Musical 6.
- Formación de Adultos:
 - Formación de Adultos 1.
 - Formación de Adultos 2.
 - Formación de Adultos 3.
 - Formación de Adultos 4.
 - Formación de Adultos 5.
 - Formación de Adultos 6.
- Improvisación.
- Informática Musical.

2.3 BLOQUE D:

- Banda de Música.
- Big Band.
- Combo de Formación de Adultos.
- Grupo de Clarinetes.
- Grupos de Saxofóns:
 - Grupo de nivel medio.
 - Grupo de nivel avanzado.
- Grupos de Técnica Básica de Metais Graves.
- Grupo Tradicional.

Poderanse ofertar novas agrupacións abríndose unha nova convocatoria de matrícula específica para estas materias. Así mesmo, o número de participantes en cada materia será determinado polo docente que imparta dita materia.

3. Requisitos das persoas interesadas:

Para a súa admisión na selección correspondente, as persoas interesadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Bloque A e B:

- Nados no ano 2015 e anteriores
- No bloque B sempre que haxa dispoñibilidade horaria do profesorado e de recursos.
- Bloque C:
 - Música e Movemento 1, nados no ano 2019.
 - Música e Movemento 2, nados no ano 2018.
 - Formación Básica 1, nados no ano 2017.
 - Formación Básica 2, nados no ano 2016.
 - Linguaxe Musical 1, nados no ano 2015
 - Linguaxe Musical 2, 3, 4, 5, 6 (nados no 2014 e anteriores).
 - Formación de Adultos, nados no 2007 e anteriores.
 - Improvisación, nados no ano 2009 e anteriores, con coñecementos mínimos do instrumento.
 - Informática Musical, nados no ano 2013 e anteriores.
- Bloque D:
 - Requirirase estar en posesión duns coñecementos mínimos tanto a nivel instrumental como de linguaxe musical, que serán apreciados polo profesor da materia.

4. Criterios de adxudicación de prazas:

Establécense por orde os seguintes criterios de adxudicación de prazas:

FORMACIÓN INSTRUMENTAL (BLOQUES A e B)

1. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria no mesmo instrumento que se solicita, sempre que non excedera os 6 anos de permanencia no instrumento do que se matricula (para o cumprimento da permanencia na Escola non computará o curso 2019-2020).
2. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria en Linguaxe Musical, Formación Básica 2 ou Formación de Adultos e que solicita instrumento por primeira vez.
3. Alumnado que accede por primeira vez a Escola e reúna as condicións para acceder a formación instrumental.
4. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria que desexe cambiar de instrumento.
5. Alumnado da Escola Municipal de Música que xa excedera os 6 anos de permanencia no instrumento que se matricula.

FORMACIÓN TEÓRICA (BLOQUE C)

1. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria na materia precedente da que se queira matricular:

ASINATURA PRECEDENTE	ASINATURA A MATRICULAR
Música e Movemento 1	Música e Movemento 2
Música e movemento 2	Formación Básica 1
Formación Básica 1	Formación Básica 2
Formación Básica 2	Linguaxe Musical 1
Linguaxe Musical 1	Linguaxe Musical 2
Linguaxe Musical 2	Linguaxe Musical 3
Linguaxe Musical 4	Linguaxe Musical 5
Linguaxe Musical 5	Linguaxe Musical 6

Formación de Adultos 1	Formación de Adultos 2
Formación de Adultos 2	Formación de Adultos 3
Formación de Adultos 3	Formación de Adultos 4
Formación de Adultos 4	Formación de Adultos 5
Formación de Adultos 5	Formación de Adultos 6
Informática Musical	Informática Musical
Improvisación	Improvisación

2. Alumnado que se matricule por primeira vez na Escola.

Non terá ningún efecto a orde de matriculación na obtención de praza nin na elección horaria, sendo o sorteo por letra a única fórmula válida. Dito sorteo será público e terá lugar na Escola o día 7 de Xuño ás 11:00 h.

Procederá a aplicar o resultado do sorteo por letra en cada un dos criterios sinalados anteriormente.

Todo o alumnado admitido en calquera materia deberá presentarse para a elección horaria na data e hora na que sexan convocados, publicándose dita data no taboleiro da Escola. No caso de non presentarse para elixir horario, chamarase ao alumnado para ofertar os horarios que quedasen dispoñibles.

Establecerase unha listaxe de agarda por materias, mantendo a orde do sorteo por letra, para aquel alumnado que non escollera horario, ou ben que non obtivera praza. No suposto de que quedaran prazas vacantes ao longo do curso académico, chamarase ao alumnado para ofertar os horarios que quedasen dispoñibles.

As solicitudes realizadas no prazo establecido xunto coa asignación de horarios conforme ao indicado nos parágrafos precedentes constitúen a matrícula efectiva do alumnado. As solicitudes de baixas deberán realizarse no seu caso conforme á Ordenanza Fiscal reguladora.

Non se poderá estar matriculado en máis dun instrumento á vez, a non ser que haxa dispoñibilidade de prazas e de xeito excepcional, con informe motivado do Director da Escola, non tendo prioridade para o seguinte curso nos dous instrumentos; o alumno deberá establecer o instrumento prioritario de primeira opción.

Ante a baixa de longa duración do persoal docente, cando non medie substitución, o alumnado do mesmo poderá tramitar a baixa de matrícula no centro con reserva de praza. Unha vez o persoal docente non substituído se reincorpore da súa baixa, o alumnado poderá matricularse de novo no mesmo curso e materia. Nestes casos, que poidan implicar que non se realizara o feito impositivo e polo tanto tampouco se devindicara o prezo público por causas alleas ao alumnado, a dirección da escola emitirá o correspondente informe aos efectos dos descontos que puideran proceder nos recibos trimestrais.

5. Forma e prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, no Rexistro Auxiliar da Escola Municipal de Música ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seguinte prazo:

A partir do día seguinte a publicación no BOP de Lugo e ata o día 1 de xuño de 2023.

As persoas interesadas deberán presentar:

- Solicitud en modelo específico debidamente cumprimentado (Anexo 1). No caso de alumnado menor de idade, a solicitude deberá ir asinada pola nai, pai, ou persoas que ostenten a súa representación legal.
- Fotocopia do DNI da persoa interesada maior de idade, ou da nai, pai, ou persoas que ostenten a súa representación legal no caso de menores de idade.
- Documento acreditativo da titularidade da conta onde se desexe domiciliar o pagamento dos recibos pola utilización do servizo municipal da Escola Municipal de Música onde apareza o titular e número de conta.
- Unha fotografía tamaño carné.

6. Resolución:

Valoradas as solicitudes recibidas segundo os criterios establecidos no apartado 4, procederá a publicación das listaxes provisionais de alumnado admitido, alumnado excluído e listas de agarda, establecéndose un prazo de 5 días hábiles no que as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas. Resoltas as reclamacións, de ser o caso, procederá a publicación definitiva de listas, determinándose nas mesmas o día e hora no que se convoca ao alumnado admitido para a elección do horario de docencia de cada instrumento ou especialidade formalizando neste acto a matrícula na Escola.

A prioridade para a elección de horarios do alumnado, determinarase pola mesma orde na que figura nas listas de admisión trala aplicación dos criterios establecidos para a adxudicación de prazas. (Previo sorteo por letra).

